

NOTA INFORMATIVA

Reunións da Asemblea Xeral das cooperativas

(nova regulación en virtude da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas)

A Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29.01.2021), introduciu modificacións na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, así como outras disposicións excepcionais para 2021, co fin de facilitar o funcionamento das cooperativas que, por mor das medidas de loita contra a pandemia da covid-19, non puideron realizar as reunións das súas asembleas xerais con normalidade.

Por unha parte, habílanse diversas solucións que amplían as posibilidades de que as reunións se poidan desenvolver en condicións de seguridade, aínda que nos estatutos non estivese contemplado.

Por outro lado, amplíanse os prazos para a adopción de acordos e prorróganse os nomeamentos que deberan ser renovados logo da declaración do estado de alarma.

A continuación sinálanse os aspectos máis relevantes que se deben ter en conta para a convocatoria e desenvolvemento das reunións das Asembleas, tendo en conta as novidades introducidas por esta lei.

O texto consolidado da Lei /1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, está dispoñible no apartado Normativa da Asesoría Virtual de Cooperativas.

Lugar de realización das reunións presenciais da Asemblea Xeral

Con carácter xeral, a asemblea xeral terá lugar na localidade onde radique o domicilio social da cooperativa. Non obstante, hai algunhas excepcións:

- a) **Que se realice de forma telemática.** Neste suposto, non é preciso indicar unha localidade, dado que non existe propiamente un lugar de reunión.
- b) Que a asemblea teña o carácter de universal, en cuxo caso poderá ter lugar en calquera localidade.
- c) Que nos estatutos se fixe outro lugar de reunión ou se habilite o órgano de administración para fixar un distinto.
- d) Como novidade, tamén se pode realizar nunha localidade distinta cando, **por circunstancias sobrevidas**, na localidade do domicilio social da cooperativa **non exista un local que permita o normal desenvolvemento da asemblea en condicións de seguridade.**

Estas circunstancias sobrevidas poden referirse ás medidas restritivas de aforo adoptadas na loita contra a covid-19, ou calquera outra circunstancia que faga inviable ou inadecuada a reunión no local previsto inicialmente.

O órgano de administración terá que motivar suficientemente estas circunstancias sobrevidas. Tamén terá que xustificar a elección do local escollido para a Asemblea,

tendo en conta a facilidade de comunicación respecto da localidade onde a cooperativa ten o domicilio social ou onde residen a maioría das persoas socias.

Reunións da Asemblea Xeral por medios telemáticos

Ademais de facelo de forma presencial, a Asemblea Xeral tamén poderá reunirse de forma **telemática ou mixta**, combinando a asistencia presencial e por medios telemáticos, aínda que os estatutos non o prevexan.

A reunión por medios telemáticos ou mixtos poderá **realizarse sempre e cando todas as persoas que deban ser convocadas teñan posibilidade de acceso**.

Os **prazos, formas e modos de exercicio dos dereitos** por parte das persoas que asistan telematicamente deberán recollerse na convocatoria.

Ademais, o órgano de administración debe garantir:

- a) A verificación da identidade das persoas asistentes.
- b) A acreditación da representación con que actúan, de ser o caso.
- c) O exercicio do dereito de participación con voz e voto, segundo proceda.
- d) O sentido dos votos emitidos e o seu cómputo, tendo en conta o voto plural cando proceda.
- e) O segredo dos votos, cando deban ter tal carácter

Asistencia á Asemblea Xeral por medio de representantes

As persoas socias poden asistir ás reunións da Asemblea Xeral por si mesmas, ou ben por medio de representante, que poderá ser ou ben outra persoa socia ou ben, se os estatutos o prevén, o seu cónxuxe ou un parente ata o terceiro grao de consanguinidade ou segundo por afinidade.

Se a reunión é presencial, **a representación debe acreditarse mediante poder especial** outorgado pola persoa representada, ou ben mediante un **escrito asinado** por ela. Se a reunión é telemática, a forma de acreditar a representación será a que se estableza na convocatoria.

En calquera caso, o poder ou escrito de representación deben outorgarse **para cada asemblea** que se realice.

Unha única persoa pode representar un máximo de dez persoas socias. Amplíase así o número máximo fixado ata agora na Lei de cooperativas de Galicia (limitado a tres persoas socias), co fin de facilitar a realización de asembleas presenciais cun número limitado de asistentes, sen menoscabo dos dereitos das persoas socias.

Por outro lado, tamén se contempla a posibilidade de que as competencias da asemblea xeral se exerzan mediante unha **assemblea de segundo grao**, integrada polos delegados designados en xuntas preparatorias, cando os estatutos o prevexan ou ben cando concorran circunstancias que dificulten a presenza simultánea de todas as persoas socias na asemblea xeral, que deberán ser xustificadas polo órgano de administración.

Convocatoria, desenvolvemento da asemblea e adopción de acordos. Exixencia de quórum

Con carácter xeral, a lei non introduce novidades en canto á convocatoria, constitución e desenvolvemento da asemblea ou adopción dos acordos, salvo os que se deriven da realización das reunións por medios telemáticos.

Non obstante, introduce unha medida excepcional que será de aplicación **ata o 31 de decembro de 2021**: con independencia da modalidade (presencial, telemática ou mixta) na que se realice a reunión, **non se exixirá quórum en segunda convocatoria**, de xeito que as asembleas xerais quedarán validamente constituídas en segunda convocatoria calquera que sexa o número de cooperativistas presentes ou representados.

Ampliación do prazo para a realización de asembleas

Amplíase ata o **31 de decembro de 2021 o prazo para realizar as reunións da Asemblea Xeral** que deberan ter lugar nunha data posterior ao 14 de marzo de 2020, e que non se puideran realizar en cumprimento das medidas ditadas para facer fronte á pandemia da covid-19.

Esta medida é de aplicación directa e polo tanto non require a autorización expresa prevista no artigo 33.2 da Lei de cooperativas de Galicia.

Prórroga dos nomeamentos

Aqueles nomeamentos para cargos dos órganos sociais das cooperativas **cuxa vixencia finalizase despois do 14 de marzo de 2020 entenderanse prorrogados ata o 31 de decembro de 2021**. Non obstante, o órgano competente pode acordar o cesamento ou renovación en calquera momento, deixando sen efecto esta prórroga.

Aplicabilidade das medidas e adaptación dos estatutos

As medidas recollidas na Lei 4/2021 son aplicables directamente ás cooperativas, con independencia do que dispoñan os estatutos. Non obstante, **cando se pretenda modificar os estatutos vixentes, estes deberán adaptarse integramente ao disposto nesta lei**.

Polo tanto, todos os acordos de constitución ou modificación de estatutos sociais que vaian inscribirse despois do 30 de xaneiro de 2021 (data da entrada en vigor da lei) deberán incorporar as previsións necesarias para dar cumprimento á nova normativa.

PARA CALQUERA CONSULTA PODE DIRIXIRSE A

REXISTRO CENTRAL DE COOPERATIVAS

registrocooperativas@xunta.gal

Teléfono: 981 545 540

REXISTRO PROVINCIAL DE COOPERATIVAS DA CORUÑA

registrocooperativas.acoruna@xunta.gal

Teléfono: 981 185 890

REXISTRO PROVINCIAL DE COOPERATIVAS DE LUGO

registrocooperativas.lugo@xunta.gal

Teléfonos: 982 294 290 / 982 294 288

REXISTRO PROVINCIAL DE COOPERATIVAS DE OURENSE

registrocooperativas.ourense@xunta.gal

Teléfono: 988 386 389

REXISTRO PROVINCIAL DE COOPERATIVAS DE PONTEVEDRA

registrocooperativas.pontevedra@xunta.gal

Teléfonos: 986 817 005 / 986 817 686

ASESORÍA VIRTUAL DE COOPERATIVAS

avcoop.xunta.gal